



## CIRCULAR INFORMATIVA

**SETEMBRO 2016**

Estimadas familias:

Iniciamos este curso escolar con ilusión, agradecéndoos de antemán a vosa colaboración e participación na consecución dun obxectivo común: a educación e benestar dos vosos fillos e fillas. Todos os profesionais que formamos parte desta Comunidade Educativa sumaremos esforzos para intentar conseguir, entre todos, un centro escolar do que sentírmonos orgullosos.

Aproveitamos a ocasión para darlle a benvida a todas as familias que se incorporan a esta Comunidade Educativa.

Quedando á vosa disposición e desexando un bo curso para todos, recibide un saúdo.

Narón, 13 de setembro de 2016

**O EQUIPO DIRECTIVO**

## **INFORMACIÓN**

### **1. HORARIO DO CURSO E QUENDAS DO COMEDOR ESCOLAR:**

HORARIO ESCOLAR		SERVIZOS	
Entrada	09.00h	ALMORZO (Xestionado pola ANPA e subvencionado polo Concello de Narón)	07.30 a 09.00h
Saída E. Infantil	13.50h	COMEDOR (Xestión regulada pola Consellería de Educación)	14.00 a 16.00h
Saída 1º e 2º E. Primaria	13.55h		
Saída resto dos cursos	14.00h		

### **SAÍDAS:**

4º Ed. Infantil (3 anos):	Porta do patio de recreo de Ed. Infantil.
1º e 2º de Ed. Primaria	Porta do lateral do centro, fronte á porta da Biblioteca.
5º e 6º Ed. Infantil (4 e 5 anos) e 3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria	Porta principal do centro.

**Hora de entrada das familias ao recinto escolar: 13:45.**

### **2. EQUIPO DIRECTIVO:**

*Director:* Xosé Nel Comba Paz  
*Xefe de Estudos:* José Manuel López Blanco  
*Secretaria:* Iria Regueiro Losada

### 3. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

<b>MAÑÁS DE LUNS A VENRES: DE 09:00 A 10:30.</b>	<b>TARDE: MARTES, DE 18:00 A 19:00.</b>
------------------------------------------------------	---------------------------------------------

### 4. TELÉFONOS:

<i>Conserxaría:</i> 881 93 03 73	<i>Correo electrónico:</i> ceip.asolaina@edu.xunta.es
<i>Dirección:</i> 881 93 03 69	<i>Comedor:</i> 881930371
<i>Secretaría:</i> 881 93 03 70	<i>ANPA:</i> 881930372
<i>Fax:</i> 881930374	<i>Orientación:</i> Dispoñible proximamente
Páxina web: <a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasolaina/">http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipasolaina/</a>	

### 5. ACCESO ÁS AULAS DURANTE O HORARIO ESCOLAR:

Para non entorpecer o normal desenvolvemento da actividade escolar, as familias non poderán acceder ás aulas. En caso de necesidade, fale co conserxe.

Pregámosvos puntualidade nas entradas e saídas, así como que agardedes polos vosos fillos/as no horario e portas asignadas, pois disto dependerá a correcta marcha da clase e a adquisición de bos hábitos para o neno/a.

### 6. ORGANIZACIÓN DOS RECREOS NOS DÍAS DE CHOIVA:

Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP → pavillón. Deberán traer nunha bolsa co nome do alumno/a (como nas clases de Ed. Física), un calzado flexible e exclusivo para realizar as actividades, non podendo usar o mesmo calzado que traía posto da rúa.

### 6. HORARIO DE VISITA AOS TITORES/AS:

**TODOS OS MARTES DE 18.00 A 19.00H**

Será necesario concertar a visita previamente a través do alumnado, pois desta forma o titor/a terá tempo suficiente para recoller información dos demais profesores.

Se non podedes acudir neste horario, deberedes poñervos en contacto co titor/a para concertar outra hora, atendendo á súa dispoñibilidade.

### 7. AVALIACIÓNS:

Realízanse trimestralmente, entregando os boletíns aos nenos/as o 21 de decembro, o 7 de abril e o 23 de xuño. O resgado de cada boletín deberá ser asinado polo pai/nai ou titor/a legal do alumno/a, quen llo entregará ao titor/a.

## 8. PERÍODOS DE VACACIÓNS:

De acordo co calendario escolar para este curso 2016/2017 (DOG 15/06/2016), son os seguintes:

*Nadal:* do 22 de decembro ata o 8 de xaneiro.

*Entroido:* 27 e 28 de febreiro e mais 1 de marzo.

*Semana Santa:* desde o 7 ata o 17 de abril.

*Festivos locais* para todos os colexios do Concello: 23 de novembro e un segundo día que se comunicará cando estea aprobado, probablemente o 2 de maio.

CALENDARIO ESCOLAR 2016-2017																																		
SETEMBRO							OUTUBRO							NOVEMBRO							DECEMBRO							XANEIRO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
			1	2	3	4						1	2		1	2	3	4	5	6				1	2	3	4							1
5	6	7	8	9	10	11	3	4	5	6	7	8	9	7	8	9	10	11	12	13	5	6	7	8	9	10	11	2	3	4	5	6	7	8
12	13	14	15	16	17	18	10	11	12	13	14	15	16	14	15	16	17	18	19	20	12	13	14	15	16	17	18	9	10	11	12	13	14	15
19	20	21	22	23	24	25	17	18	19	20	21	22	23	21	22	23	24	25	26	27	19	20	21	22	23	24	25	16	17	18	19	20	21	22
26	27	28	29	30			24	25	26	27	28	29	30	28	29	30				26	27	28	29	30	31	23	24	25	26	27	28	29		
FEBREIRO							MARZO							ABRIL							MAIO							XUÑO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5			1	2	3	4	5						1	2	1	2	3	4	5	6	7							1
6	7	8	9	10	11	12	6	7	8	9	10	11	12	3	4	5	6	7	8	9	8	9	10	11	12	13	14	5	6	7	8	9	10	11
13	14	15	16	17	18	19	13	14	15	16	17	18	19	10	11	12	13	14	15	16	15	16	17	18	19	20	21	12	13	14	15	16	17	18
20	21	22	23	24	25	26	20	21	22	23	24	25	26	17	18	19	20	21	22	23	22	23	24	25	26	27	28	19	20	21	22	23	24	25
27	28						27	28	29	30	31			24	25	26	27	28	29	30	29	30	31					26	27	28	29	30		

Orde do 7 de xuño de 2016 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016/2017, nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

INICIO DE CURSO	FIN DE CURSO	DIAS NON LECTIVOS
-----------------	--------------	-------------------

## 9. CAMPAÑA DE ALIMENTACIÓN:

Durante o mes de setembro todo o alumnado deberá traer a merenda saudable da casa, intentando axustarse ao menú semanal que se amosa no cadro.

Como todos os anos, no mes de outubro comezará a campaña “por unha alimentación saudable”, polo que os nenos e nenas que participen non necesitan levar a merenda da casa. Deberán traer os utensilios necesarios para cada día (vaso, culler, pano de mesa...).

Distribución:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Pan e leite	Pan e froita	Pan e iogur	Pan e froita	Pan e iogur bebible

Nos casos debidamente xustificados nos que non se poida participar, as familias deben comprometerse a enviar alimentos que coincidan coa campaña de cada día, é dicir, que se axuste aos almozos saudables.

**PAGO DO 1º TRIMESTRE DA CAMPAÑA DE ALIMENTACIÓN: 20 € por alumno.**

- ✧ Ed. Infantil (3, 4 e 5 anos): 26 de setembro de 9.00 a 10.00h na conserxaría do colexio.
- ✧ 1º e 2º Ed. Primaria: 27 de setembro de 9.00 a 10.00h na conserxaría do colexio.
- ✧ 3º, 4º, 5º e 6º Ed. Primaria: 27 de setembro. Os alumnos/as entregarán o importe aos seus titores/as nas aulas.

Pregamos encarecidamente a vosa colaboración axustándovos ao día e hora sinalados traendo a cantidade exacta.

## 10. BIBLIOTECA:

Horario de mañá: o alumnado de EP poderá facer uso da biblioteca durante o recreo.

Horario de tarde: para o alumnado de EI e de EP, dende o 1 de outubro ao 31 de maio, todos os días (agás o martes), de 16.30 a 18.00h. En setembro e xuño permanecerá pechada.

### Normas para o uso da Biblioteca:

- A porta de entrada á Biblioteca será a que dá ao exterior (fronte á porta por onde entra 1º e 2º de EP).
- O alumnado poderá facer uso de ordenadores sempre co permiso do mestre/a de garda.
- Os alumnos/as de Ed. Infantil e o de 1º ciclo de Ed. Primaria, en horario non lectivo, **deberán permanecer acompañados/as dun adulto.**
- O comportamento disruptivo dentro da Biblioteca vai carrear a expulsión da mesma.

## 11. AUTORIZACIÓNS:

Todas as autorizacións que van adxuntas a esta circular deberán volver debidamente cubertas ao centro a través do alumnado.

## 12. REUNIÓNS COAS FAMILIAS NO MES DE OUTUBRO:

CURSO	DÍA	HORA	LUGAR	
4º EI (4 anos)	Martes	11 outubro	16.30h	Aulas 4ºEI
5º EI (5 anos)		11 outubro	16.30h	Aulas 5ºEI
1º EP		4 outubro	17.30h	Aulas 1ºEP
2º EP		4 outubro	17.30h	Biblioteca
3º EP		4 outubro	16:30h	Biblioteca
4º EP		27 setembro	17.00h	Aulas 4ºEP
5º EP		27 setembro	17:00h	Biblioteca
6º EP		27 setembro	18:00h	Biblioteca

## 13. ROUPA:

Tendo en conta a gran cantidade de roupa que se xunta habitualmente en “obxectos perdidos”, recomendamos encarecidamente que toda a roupa e obxectos persoais dos vosos fillos ou fillas veñan debidamente identificados (nome e apelidos do alumno/a), xa que pasado un tempo prudencial será enviado a algunha organización benéfica.

## 14. AXUDAS PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO 16-17:

A convocatoria destas axudas pódese consultar na *Resolución de 27 de xullo de 2016* (BOE 06-08-2016). O prazo de presentación das solicitudes remata o 29 de setembro.

*Narón, 13 de setembro de 2016*

*O Equipo Directivo*

**IMPORTANTE: REMITIR A TRAVÉS DOS VOSOS FILLOS/AS A CADA TITOR/A AS AUTORIZACIÓNS ADXUNTAS, CUBERTAS E ASINADAS, CANTO ANTES. GRAZAS!**

## AUTORIZACIÓN PUBLICACIÓN DA IMAXE

D./Dña.....con DNI....., na miña condición de representante legal do alumno/a....., do curso....., **autorizo** o tratamento da imaxe do dito alumno en relación coas actividades escolares e extraescolares promovidas polo centro e polos responsables e autoridades educativas na páxina web, blogs do centro, na revista escolar e en medios de comunicación durante o curso escolar 2016/17.

Así mesmo, autorizo o tratamento da imaxe en contornas, aplicacións ou ferramentas virtuais prestadoras de servizos en nube ou servizos de mensaxería e autorizo a posible transferencia internacional de datos, derivada do seu uso, aos países nos que se atopen os seus servidores.

Así mesmo, recoñezo ter sido informado/a da posibilidade de revogación deste consentimento en calquera momento.

En....., a.....de.....de 2016.

Asinado:.....

-----✂-----

## AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORA DO CENTRO

D./Dña.....con DNI....., na miña condición de representante legal do alumno/a....., do curso .....

**AUTORIZO** ao meu fillo/a a que realice aquelas actividades que o Centro planifique de xeito extraordinario, dentro da bisbarra de Narón e Ferrol Terra durante o curso

En....., a.....de.....de 2016.

Asinado:.....

## AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NA CAMPAÑA DA MERENDA SAÚDABLE

D./Dna.....con DNI.....,  
na miña condición de representante legal do alumno/a....., do  
curso .....

**AUTORIZO** ao meu fillo/a a participar na campaña de merendas saúdaes durante o curso  
2016/2017.

En....., a.....de.....de 2016.

Asinado:.....

-----✂-----

## ACTUALIZACIÓN DE INTOLERANCIAS OU ALERXIAS

Co fin de actualizar os datos sobre as alerxias ou intolerancias do alumnado do centro (procesos alérxicos, limitación fisiolóxica ou funcional, enfermidade infectocontaxiosa ou calquera outra patoloxía que precise de coidados ou alertas especiais), detalle a continuación todas aquelas das que debemos ter constancia en relación ao seu fillo/a.

D./Dna ..... con DNI .....  
nai/pai/titor/titor do alumno/a ..... fago  
constar que o meu fillo/a é alérxico ou intolerante a: .....

.....  
.....

Recomendacións do médico:.....  
.....

En....., a.....de.....de 2016.

Asinado:.....

-----✂-----

## ACTUALIZACIÓN DE DATOS PARA O CURSO 2016/2017

Nome e apelidos do alumno/a: .....

Curso:.....

Dirección: .....

Teléfono de urxencia: .....

Outros teléfonos de contacto: .....